

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria

NÚMERO: 2021/3

DATA: venres 12 de febreiro de 2021

LUGAR: mediante video conferencia: <https://jitsi.concelloderianxo.gal/Pleno>

HORA DE COMEZO: 18:00 h

HORA DE REMATE: 19:05 h

PRESIDE ADOLFO MUIÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacta esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

**BNG**

ADELINA CES QUINTANS

TOBIAS BETANZOS REGO

RAQUEL GARCIA ABUIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

**PSdeG-PSOE**

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ

**Rianxo en Común-SON**

JULIO ALCALDE HERMO

JULIAN BUSTELO ABUIN

AUSENTES

**PP**

GERMAN ALLUT VIDAL

MARIANO MOARES RIAL

ALICIA CAROU ROMERO

FRANCISCO RUBIO VICENTE

**Ciudadanos**

SARA MARÍA RESUA PATIÑO

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da Conta Xeral de 2019

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=TtSC-T93oyk>**

**PROPOSTAS ORDINARIAS**

**1 APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019**

Dáse conta da proposta.

Expte. De orixe: 2020/X999/001548

O expediente da Conta Xeral de 2019 consta elaborado de acordo coas normas incluídas na Orde

HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local. Así mesmo, seguiu os trámites previstos na normativa vixente para someterse á súa aprobación polo Pleno:

O expediente púxose a disposición dos membros da Comisión Especial de Contas o 09/12/2020, polo que se cumpriu o prazo mínimo de posta a disposición de 15 días hábiles, previsto no artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

O 14/01/2021 a Comisión Especial de Contas ditaminou favorablemente a Conta Xeral.

O 18/01/2021 publicouse no BOP e no taboleiro de anuncios o edito de exposición pública da Conta por un prazo de 15 días hábiles. Coa modificación introducida pola disposición final 19ª da Lei 11/2020, do 30 de decembro no artigo 212 do texto refundido das facendas locais, non é de aplicación o prazo adicional de 8 días para a presentación de reclamacións, reparos ou observacións.

O 08/02/2021 rematou o prazo de exposición pública sen que se presentasen alegacións, de acordo co certificado de Secretaría do 09/02/2021, polo que non é preciso un novo ditame da Comisión Especial de Contas.

Polo tanto, o trámite seguinte é o da súa aprobación plenaria segundo o artigo 212.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, co fin de remitila ao órganos de control externo.

## PROPOÑO

### PRIMEIRO

Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2019 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

### SEGUNDO

Unha vez aprobada, remitirla ao Consello e Tribunal de Contas para a súa fiscalización, de acordo cos artigos 212 e 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

### TERCEIRO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para proseguir cos trámites de remisión do documento ao Consello e ao Tribunal de Contas.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE) cero votos en contra e dúas abstencións (dos 2 membros do grupo REC ) dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta